



O poeta e artista plástico **Baldo Ramos** naceu en Celanova en 1971.

Conformada por quince libros publicados, a súa obra poética ábrese cun primeiro título publicado en castelán en Pre-Textos e galardado co Premio Arcipreste de Hita, para dar paso moi axiña a *A árbore da cegueira* (2002), que se faría co Premio Concello de Carral. Un novo poemario en castelán leva, ao ano seguinte, o accésit do Premio de Poesía Iberoamericana Víctor Jara, e en 2009 *Palabras para un baleiro* faise co Fiz Vergara Vilariño. Os títulos máis recentes deste poeta viron a luz en Galaxia no pasado e no presente ano: *Cartas dende o esquenzo* e *Porque te quero*.

Cunha ampla bibliografía canto a libros colaborativos, Ramos ten traballado man a man con distintos artistas e escritores. Por exemplo, fíxoo co escultor Caxigueiro no proxecto *Os ollos das palabras* (2012), con Carlos González Villar nos libros de artista *Onde beben os cervos que amansou o calígrafo* (2013) e *As raiceiras do frío* (2016), con Xosé M^a Álvarez Cáccamo en *CaRa inversa* (2014) e en *libros conversos* (2016) e con Frank Meyer en *1+1=3* (2015), todos publicados por institucións e editoriais de renome.

A súa obra aparece representada en antoloxías publicadas en Galicia, Madrid, Caracas ou Dublín da man de editoras literarias do prestixio de Teresa Seara, Amalia Iglesias, Ana Gorría ou Manuela Palacios, entre outras.

*coleccionaba xoaniñas en caixas de mistos
traídas de Portugal.*

*leituga,
formigas,
nubes de azucre eran o seu alimento.*

*no interior da caixa a imaxinación do neno
trazaba camiños estreitos,
covas de alcanfor,
ollais de agullas de metal fervido.*

un día sentiu mágoa.

*abriu a caixa
e do interior saíu o corpo diminuto da súa avoa
ofrecéndolle a man para cruzar o regato.*

*fundíronse nunha aperta diminuta
e nunca máis se soubo
daquel neno que coleccionaba xoaniñas
en caixas de mistos
traídas de Portugal*



(BALDO
RAMOS)

Luns 16 de decembro
20:30

ÁGORA

www.centroagora.es



Poetas
Di(n)versos ²⁰¹⁹

Maram Al-Masri





Nada en Lataquia (Siria) en 1962, **Maram al-Masri** graduouse en Literatura Inglesa na Universidade de Damasco. En 1982 exiliouse en Francia, mais foi a capital siria quen vería publicado polo Ministerio de Cultura, dous anos máis tarde, un primeiro poemario escrito en colaboración: *Ameázote cunha pomba branca*.

Dedicada dende entón á literatura e á tradución, foi publicando libros de poemas en árabe e vertidos a nove idiomas distintos, polos que recibiu galardóns internacionais coma o Premio Adonis no Líbano, o Premio Sociétés des Gens de Lettres de Francia, o Calopezzati e o Premio NordSud di Letteratura en Italia, igual ca o Laurentum Dante Alighieri e mais o Premio Fiore D'Argento á Excelencia Cultural, o Antonio Viccaro de Trois-Rivières (Quebec) ou o Al Bayane de poesía francófona (Marrocos). Ademais, o seu nome soou entre as nomeadas ao Premio Nobel en 2016.

Só en España e en tradución ao castelán, cóntase con nove títulos: *Cereza roja sobre losas blancas* (2002), *Te miro* (2005), *El retorno* (2007), *Señales del cuerpo* (2010), *Almas con pies desnudos* (2016), *Desnuda va la libertad* (2017), *El vestido arrugado* (no prelo), *El rapto* (pendente de publicación nunha edición especial ilustrada por Rafael Canogar).

Fondamente comprometida coa loita a favor do seu país, máis aínda dende o estalido da revolución siria, Maram al-Masri é hoxe unha das grandes voces poéticas de Oriente Medio e de Francia.

*O paxaro
que o po debuxou no teito
quedou contemplando só
unha cama
baleira.*



(MARAM
AL-MASRI)

Luns 16 de decembro
20:30

ÁGORA

www.centroagora.es



Poetas
Di(n)versos ²⁰¹⁹

Baldo Ramos

